

### NOTA INFORMATIVA

A disposición adicional terceira da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 252, do 31 de decembro) establece que a Administración autonómica desistirá das convocatorias de prazas correspondentes ás categorías 100 do grupo III (bombeiro/a forestal xefe/a de brigada), 14 do grupo V (bombeiro/a forestal) e 14A do grupo V (bombeiro/a forestal condutor/a) de persoal laboral da Xunta de Galicia, publicadas no DOG do 26/08/2025.

Así mesmo, establece que a Administración autonómica incluírá na oferta de emprego público correspondente ao ano 2026 un número de prazas de persoal funcionario ou laboral correspondente ao Servizo de Protección e Defensa contra Incendios Forestais que, sumadas ás correspondentes prazas das oferta dos anos 2024 e 2025 sexa, polo menos, equivalente ás incluídas nos procesos dos que se desiste.

Para cumprir co establecido nesta disposición adicional o **día 30/01/2026 publicarase no Diario Oficial de Galicia a convocatoria de dous procesos selectivos de persoal funcionario do SPDCIF**, polo sistema de concurso oposición, cun total de 228 prazas das escalas técnica e auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais coa seguinte distribución:

<b>Proceso selectivo</b>	<b>Núm. prazas</b>
Grupo B Escala técnica do SPDCIF Especialidade bombeiro/a forestal xefe/a brigada	29
Subgrupo C2 Escala auxiliar do SPDCIF Especialidade bombeiro/a forestal	199
<b>TOTAL</b>	<b>228</b>

A data prevista para a realización do primeiro e segundo exercicio é o 15 de maio de 2026. no Recinto Feiral Semana Verde de Silleda.